

FACES

Ano 1968 **Duración** 130 min. **Dirección e guión** John Cassavetes **Fotografía** Maurice McEndree, Al Ruban **Montaxe** Al Ruban, Maurice McEndree **Producción** John Cassavetes, Maurice McEndree, Al Ruban **Música** Jack Ackerman, Charlie Smalls **Intérpretes** John Marley, Gena Rowlands, Lynn Carlin, Seymour Cassel, Fred Draper, Val Avery, Dorothy Gulliver, Jerry Howard, Carolyn Fleming, Don Kraatz, John Hale, Midge Ware, Kay Michaels, Laurie Mock, Christina Crawford **Distribución** Avalon

Sinopse Coa carga emocional que supón o baleiro da súa vida en parella, os Forst, matrimonio protagonista do filme, lánzanse a novas relacións coas que procuran, sobre todo, reatopárense a si mesmos. Confesións íntimas, miradas incriminatorias, gargalladas e bágoas puntuais salpican a acción do filme, que transcorre en apenas unhas horas. *Faces* é un fragmento de realidade plasmado na gran pantalla, que emociona e agride ao espectador en partes iguais.

Galardóns Nominado a Mellor Actor Secundario (Cassel), Mellor Actriz Secundaria (Carlin) e Mellor Guión nos Oscar 1968. Premio Pasinetti e Copa Volpi ao Mellor Actor (Marley) en Venecia 1968.

///

NOVEMBRO

Martes 6 **SENSUCHT**
(*Nostalgia*, Valeska Grisebach, 2005, 88 min.)

Martes 27 **WESTERN**
(*Western*, Valeska Grisebach, 2017, 100 min.)



FACES

JOHN CASSAVETES

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · [instagram.com/cineclubepontevedra](https://www.instagram.com/cineclubepontevedra)



CINECLUBE PONTEVEDRA

CASSAVETES POR CASSAVETES [III]

Comezar con nada. É algo que sempre me fascinou. Nada. Só un fato de xente que te apoia. Beber, leriar, rir, pódese estar ledou ou triste, mais pensas: «Fagámolo». E logo algo ocorre. Tes outra vida durante un ou dous anos. O proceso é moi duro. Á xente non lle gusta traballar deste xeito porque lle importa moito a súa vida. O fundamental é desprenderte da experiencia que tiveches na industria, da idea de facer filmes comerciais.

Díxenlle a Gena [Rowlands] que iamos facer outro filme, e do xeito que nos gustaba a nós. Lembro o contento que se puxo cando viu o entusiasmo que renacía en min. Ninguén confiaba na miña idea, agás Gena, Maurice McEndree, Al Ruban e todos os actores que prestaron desinteresadamente o seu tempo. Eles si tiñan fe. Ningún estudio ía respaldala, e a verdade é que a min non me interesaba contar con esa clase de respaldo. Queríaa facer á miña maneira. Cando decidín escribirla e rodala, fun á casa e díxenlle a Gena: «Estás disposta a prescindir de todos os luxos durante dous anos e poñer todo o que temos no filme?» Gena dixo: «Si, agás o meu perruqueiro. Iso non!».

Cando comecei *Faces* preocupábame o matrimonio. Sempre estiven en contra da institución do matrimonio. Non me refiro ao meu. Gena e eu sempre discrepamos francamente, nunca nos gardamos as nosas opinións. O que me inquietaban eran os millóns de matrimonios de clase media que en EE. UU. se manteñen por inercia. Parellas que levan dez ou quince anos de casados, maridos e mulleres que semellan telo todo (unha boa casa, dous coches, criada, fillos adolescentes), e que se volven pasivos por todas estas comodidades.

O resultado foi un aluvión de ataques á clase media americana contemporánea, unha expresión do horror que provoca a nosa sociedade en xeral, centrado nun matrimonio de carácter algo anticuado, seguro na súa casa dun barrio burgués, pero estreito de miras. O guión enfréntaos a novas situacións, sácaos da casa, libéraos do conformismo que domina a súa existencia, obrígaos a introducirse nun contexto diferente cando caen todas as barreiras.

Todos os que traballaron no filme eran actores, mesmo os membros do equipo. Iso nótase. Os actores entenden os actores, apóianos. Se hai algo que lles resulta difícil aos actores é que se están traballando con técnicos, estes axiña presionan para seguir adiante; os técnicos queren facer o seu traballo. Mais se os técnicos son actores, non se preocupan tanto por ser moi competentes nas súas responsabilidades técnicas, e observan a interpretación, e gústalles cando é boa. Houbo

intres en que George Sims, ou alguén, rodaba unha escena na que se ría tanto que a cámara tremía. Pero iso non fixo que os actores se sentisen mal; ao contrario, fíxoos sentir estupendos. Os que observan a rodaxe e participan dende fóra son o terceiro personaxe.

A emoción si era improvisación. Os diálogos estaban escritos. As actitudes eran improvisadas. Eu doulle a alguén unhas liñas, pero a interpretación debe ser súa, persoal. Non hai improvisación verbal en *Faces*, en absoluto. Gena non é unha actriz que improvise. Non traballa dese xeito. A improvisación, neste filme, consistiu en que cada actor interpretase o seu papel, non en que eu interpretase o papel como director. Así, nun sentido, eu nunca sabía como se ían comportar. As palabras estaban escritas, mais o xeito de dicilas non se fixo de antemán. E se esa interpretación implicaba cambiar o diálogo para adaptalo ao que os actores querían expresar, entón eu mudábao ou lles deixaba improvisar. Mais non como recurso técnico. Como técnica, a improvisación non serve. Como medio de lograr unha caracterización individualizada é moi, moi construtiva.

Lynn [Carlin] nunca actuara antes, e cando comezou non era realmente unha actriz moi boa. Na casa, a súa nai axudáballe a ler o texto. Lembro que Jihn Marley dixo: «John. Imos tardar anos, esta moza non serve». E de verdade lía os diálogos dun xeito pouco natural. Lembro miralo e pensar que nunca me parara a reflexionar que ela era mala. Nunca imaxinara que era mala, só que melloraría. Esa foi a primeira fase. E, sen embargo, decateime de que a Marley lle resultaba moi difícil; polo tanto, tiven que amoldalo a el, non a ela. Díxenlle: «Ela é estupenda. Es ti o que ten problemas». Púxose furioso comigo, e así foi como se arranxou a cousa, porque xa non tiña un aliado en quen apoiarse. Despois fun falar con Lynn e díxenlle: «Lynn, John ódiate. Ese home ódiate. Só tes un xeito de salvarte». E díxome: «Dimo, dimo». [Risas.] «Ódiao ti tamén.» [Risas.] Pode que sexa unha argucia, pero era verdade. Polo menos naquel momento. En canto eles interpretaron ben unha escena xuntos, o odio esvaeuse. O máis traumático foi quitarlle a Lynn da cabeza que estaba facendo un filme. Logo diso, todo o que fixo, fíxoo ela soa.

Para min, dirixir é un hobby a tempo completo. Considérome un director afeccionado e un actor profesional. Son actor profesional como medida defensiva. Preferiría ser actor afeccionado, mais preciso cartos para facer os meus filmes. Por desgraza, é un hobby carísimo. Paguei *Faces* do meu peto. E actuei noutros filmes para pagala.

Anacos tirados de CARNEY, R. (ed.) (2004). *Cassavetes por Cassavetes*. Barcelona: Anagrama. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.